

REGULAMENTO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS NÁUTICAS DE CABANELAS

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto deste regulamento é a ordenación da utilización das instalacións náuticas de Cabanelas neste Concello

Artigo 2.- Natureza xurídica das instalacións

As instalacións náuticas de Cabanelas ás que se refiren o presente regulamento son un ben de uso público, de titularidade municipal.

Artigo 3.- Destino

Como norma xeral, as instalacións náuticas destinaranse a prácticas de deportes e actividades náuticas e ximnásticas acordes co fin das mesmas, sen perxuízo de utilizalo ocasionalmente para outras actividades que non supoñan un deterioro das mesmas.

Artigo 4.- Prioridade no uso da instalación

Terá prioridade no uso da instalación o Clube Náutico O Muíño, tanto para os seus adestramentos como para a organización de regatas e probas de competición oficial ou de carácter amigable.

O segundo lugar no orde de prioridade o terán aqueles clubs ou asociacións deportivas ubicadas no Concello de Ribadumia, que soliciten os usos das instalacións.

Estas prioridades en todo caso estarán suxeitas ó sometemento á aquelas circunstancias extraordinarias que o Concello de Ribadumia estime de interese xeral.

A denegación da autorización de uso da instalación deberá ser debidamente motivada.

Artigo 5.- Xestión das instalacións en caso de coincidencias de eventos de interese Xeral

O persoal que atenda as instalacións náuticas e o ximnasio será posto polo Concello.

Para a autorización do uso das instalacións, deberase ter en conta o informe do encargado das instalacións, acerca do estado das mesmas.

O Clube Nautico O Muiño deberá comunicar ó Concello o horario no que utilizará as instalacións e o ximnasio para os entrenamentos, probas, etc... a fin de que o Concello teña coñecemento do mesmo para distribuir os horarios de uso fora dos mesmos que competen ó Clube Náutico.

O Concello debe avisar con tempo suficiente ao Clube os eventos de carácter xeral para os que se teña previsto a utilización das instalacións, para unha planificación axeitada para ambas partes.

Artigo 6.- Competencias do Pleno da Corporación Municipal

Serán competencias do Pleno da Corporación:

- a) Aproba-lo presente regulamento.
- b) Aprobar as sancións por uso indebido das instalacións, previo informe da Comisión de Deportes.

Artigo 7.- Competencias da Comisión de Deportes

Serán competencias da Comisión de Deportes:

- a) Interpretar o articulado deste regulamento en caso de discrepancias.
- b) Definir que eventos son de interese xeral para autorizar a utilización das instalacións.
- c) A decisión sobre convenios que poidan xurdir coas distintas asociacións e entidades deportivas que mostren interese no uso regular das instalacións, a excepción do Clube Náutico, posto que ten dereito preferente de uso segundo o establecido no presente regulamento.
- d) A aprobación de directrices para a correcta utilización das instalacións
- e) A resolución final en caso de desacordo entre a Alcaldía ou Concelleiro de Deportes e o Clube Náutico O Muiño.

Artigo 8.- Competencias da Alcaldía

(O Alcalde/esa poderá delegar as competencias expostas no presente regulamento, en parte o una súa totalidade, no concelleiro delegado da área de deportes).

Serán competencia de este:

- a) A execución de tódolos acordos plasmados no presente regulamento de uso, así como os tomados no mesmo senso pola Comisión de Deportes.
- b) A elaboración dos informes que lle solicite a Comisión mencionada no artigo 5 ou o Pleno da Corporación.
- c) A resolución final, por delegación da Alcaldía, sobre os pedimentos de autorización de uso da instalación.
- d) A busca de instalacións deportivas alternativas en caso de necesidade.
- e) Autorizar a distribución horaria para a utilización das instalacións.

Artigo 9.- Condicións especiais de uso.-

O funcionamento das instalacións do Ximnasio das instalacións náuticas de Cabanelas será de USO PREFERENTE para o Club Náutico "O Muíño", e tendo sempre preferencia en calquera petición que así o estime oportuno o Club, en referencia coas instalación, fora das horas estipuladas a continuación.

- a. O uso dos ergómetros de Kayak e canoa, así como un de remo, é uso EXCLUSIVO dos compoñentes do Club Náutico "O Muíño", xa que é maquinaria exclusiva para o adestramento de piragüismo e o uso incorrecto das mesmas levaría a un gran deterioro das mesmas.
- b. O Club náutico "O Muíño" contará na primeira planta das instalacións con unha oficina (sita entre a esquina de entrada e o salón de reunións). Pola súa parte o Concello de Ribadumia contará así mesmo con outro despacho para o fin que estime convinte.
- c. O Concello de Ribadumia arbitrará a fórmula xurídica oportuna para ingresar ó Club Náutico "O Muíño", como colaboración económica e trimestralmente, o importe equivalente ó 50% da cantidade recadada pola utilización do ximnasio.
- d. O Concello de Ribadumia farase cargo dos gastos ocasionados de auga, luz, teléfono e limpeza do complexo deportivo.
- e. A instalación de "cafetería" sita nas instalacións, será competencia do Concello e éste arbitrará a forma xurídica adecuada para abonar ó Club "O Muíño" un importe equivalente ó 50% do importe que se recade en concepto de canon de aluguer da cafetería.

- f. Establecerase uns horarios de uso do Ximnasio para os integrantes do Club "O Muíño" e unhs horarios de acceso libre; no caso de utilización por parte do Concello fora dos horarios establecidos para calquera actividade extra, deberá comunicarlo ó Club, a fin de coordinar dito uso.
- g. O Concello de Ribadumia, directamente ou de forma subsidiaria, farase responsable dos danos ocasionados polos usuarios nos horarios de que dispón.
- h. O Concello de Ribadumia deberá instalar un sistema de alarma en toda a instalación, con anterioridade a súa posta en funcionamento para o público en xeral.
- i. O Concello de Ribadumia farase cargo da limpeza das instalacións.

Colocaránse en sitios visibles das instalacións carteis informativos sobre as normas de uso das instalacións e que, como mínimo, serán:

- j. Deberase manter sempre unha hixiene básica.
- k. Utilizarase vestiario e calzado deportivo para acceder á zona de ximnasio.
- l. Deberase ter sempre a toalla co usuario para usar as máquinas e limpar as zonas don sude.
- m. A idade mínima para uso das instalación será de 18 anos (con excepción dos membros do Club Nautico que usarán as instalacións nos horarios establecidos ó efecto).

Artigo 10.- Horarios.-

Os horarios de uso das instalacións, serán os seguintes:

- a) Para uso xeral: será para usuarios acreditados (responsabilidade do Concello):

1. De luns a venres:

- De 9: 30 horas a 13: 30 horas
- De 20: 00 horas a 23: 00 horas

2. Sábados:

De 9: 30 horas a 13: 30 horas

b. Para uso dos integrantes do Club "O Muíño":

1. De luns a venres:

- De 16: 00 horas a 20: 00 horas.

2. Sábados:

- De 16: 00 horas a 19: 30 horas

Artigo 11- Funcións do encargado de mantemento da instalación

O encargado de mantemento da instalación terá as seguintes funcións:

- a) Custodiar a instalación, as súas dependencias e demais elementos integrados nas mesmas.
- b) Abrir e pechar as instalacións, así como mante-la orde durante a celebración dos eventos realizados.
- c) Realizar labores de mantemento, conservacións e vixilancia das instalacións, así como reparar pequenos desperfectos ou avarías que se rexistren.
- d) Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamentos da instalación.
- e) Facer respectar o horario e normas de utilización da instalación de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Comisión de Deportes e as instrucións transmitidas pola Alcaldía ou Concelleiro Delegado de deportes.
- f) Resolver as incidencias que se produzan na preparación ou desenvolvemento das actividades.
- g) Facer cumprir as ordes e instrucións que lle dean o Concelleiro Delegado de Deportes e a Alcaldía, no ámbito das súas funcións.
- h) Comunicarlle ó concelleiro as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan ou as infraccións que se cometan na instalación, na maior brevidade posible.

Artigo 12.- Dereitos de uso

Todos os cidadáns teñen dereito ó acceso e uso das instalacións náuticas e do ximnasio en condicións de igualdade, sen perxuízo da preferencia que ten o Clube Náutico O Muíño, en primeiro lugar, e con subxección ós principios democráticos de convivencia.

Artigo 13.- Obrigas do Concello

Como instalación municipal que é, o Concello de Ribadumia ten a obriga de realizar o adecuado mantemento das mesmas, garantindo a súa conservación en óptimas condicións para o seu uso.

O Concello de Ribadumia encargárase polo tanto da limpeza das instalacións, de costear a enerxía eléctrica e outros gastos que leve consigo a utilización das instalacións, así como da realización daquelas reparacións ou tarefas de mantemento que sexan necesarias para a súa boa conservación.

Artigo 14.- Obrigas e responsabilidades dos usuarios:

-Os usuarios teñen a obriga inescusable de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións, e deben respectar as normas sobre o uso axeitado do equipamento e da moblaxe da instalación.

- As avarías, danos ou perdas que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia dunha utilización impropia ou negligente darán lugar a responsabilidades por parte do seu autor/es, ou do responsable ou titor, que lles serán esixidas polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo isto sin perxuízo da sanción administrativa que proceda.

Artigo 15.- Responsabilidades

Os usuarios das instalacións serán responsables dos danos o perdas causados na instalación.